

---

**PROPOSTA DE CRITERIOS ORIENTATIVOS PARA A ELABORACIÓN DE  
HORARIOS DO CURSO 2018/2019 DAS TITULACIONES DE GRAO E MASTER  
EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA DA ESEI**

Aprobado en Xunta de Centro o 9/4/2018

Na elaboración da proposta de horarios de clases do curso 2018/2019 que a Dirección do Centro elevará á Xunta de Centro deberanse ter en conta, na medida en que resulte posible, os seguintes criterios orientativos:

1. As materias do Programa Conxunto de Grao en Enxeñaría Informática e Grao en Administración e Dirección de Empresas deberán ter horarios que permitan a asistencia do alumnado de primeira matrícula ás clases de todas as materias.
2. Os horarios das clases das materias de 1º do Grao en Enxeñaría Informática poderanse fixar dende as 9:00 ata as 15:00 horas. En caso de ser necesario nalgunhas materias, poderanse fixar os horarios dalgún grupo dende as 15:30 ata as 20:00 horas. En caso de que alumnado ou profesorado remate a súa docencia en quenda de mañá ás 15:00 h, poderá solicitar non ter docencia no(s) grupo(s) que comecen ás 15:30 horas
3. Os horarios das clases das materias de 2º e 3º do Grao en Enxeñaría Informática poderanse fixar dende as 9:00 ata as 14:30 horas. En caso de ser necesario nalgunhas materias, poderanse fixar os horarios dalgún grupo dende as 15:30 ata as 20:00 horas.
4. Os grupos grandes de todas as materias de 1º, 2º e 3º do Grao rotaranse, na medida do posible, nos diferentes días da semana con respecto aos anos anteriores.
5. Nos cursos de 1º, 2º e 3º de Grao en Enxeñaría Informática evítanse solapamentos dos horarios de aula grande de materias de cursos adxacentes.
6. Os horarios das clases das materias de 4º do Grao en Enxeñaría Informática poderanse fixar dende as 9:00 ata as 14:30 horas e dende as 15:30 ata as 20:00 horas.
7. En 4º de Grao evítase o solapamento de optativas que poida restrinxir a asistencia á docencia das mesmas por parte do alumnado.
8. Os horarios das clases das materias propias do Máster en Enxeñaría Informática poderanse fixar dende as 16:00 ata as 21:00 horas.